

1. As linguas na sociedade galega do s. XIX

A situación lingüística en Galicia no século XIX é a mesma que a dos séculos anteriores, co galego como lingua falada pola maioría da poboación (campesíños e mariñeiros) e o castelán gañando terreo entre a fidalguía e a burguesía.

Hai un aumento progresivo da **castelanización** debido fundamentalmente aos seguintes factores:

- o incremento da poboación urbana
- a promoción social ía unida ao emprego do castelán.
- no ensino esténdese a homoxeneización cultural e lingüística.

É dicir, afíanzase a **diglosia**: sobrevaloración da lingua das clases dominantes (o castelán) e infravaloración da lingua das clases dominadas (o galego).

2. O Rexurdimento

A pesar desta situación diglósica, o século XIX significa para Galicia o inicio da recuperación histórica, cultural e literaria, como resultado da toma de conciencia nacional dunha minoría sensibilizada da pequena burguesía e da clase media de procedencia rural, que ve no idioma o elemento definidor das peculiaridades nacionais, fronte ao centralismo negador da personalidade galega. É o que coñecemos como **Rexurdimento**.

Nas 1ªs décadas (1800-1830) temos os precedentes do Rexurdimento, co uso do galego en publicacións sobre a Guerra da Independencia e en escritos sobre a situación política (disputas entre conservadores e liberais).

A mediados de século nace o movemento provincialista (1840-1868), impulsado por intelectuais (coñecidos como Precusores do Rexurdimento) que reaccionan en contra da uniformización cultural e lingüística e demandan o recoñecemento da singularidade de Galicia. **Datas destacadas** deste período no eido cultural son:

- 1853: Xoán M. Pintos publica **A gaita Gallega**, obra na que fai unha defensa da lingua galega, reclamando o seu emprego e o seu cultivo.
- 1863: Rosalía de Castro publica **Cantares Gallegos**, convertido nun fito da historia da literatura galega e da historia da lingua galega. Con esta obra iníciase o **Rexurdimento pleno**.

Cara aos anos 80, os galeguistas reagrupáanse no movemento rexionalista, reiniciando a estratexia cultural, que busca a consolidación da poesía lírica e a demostración da validez da lingua galega noutros xéneros literarios.

O ano 1880 supón outra data histórica, xa que se publican **Aires da miña terra**, de M. Curros Enríquez; **Follas Novas**, de Rosalía; e **Maxina ou a filla espúrea**, de Marcial Valladares, 1ª novela galega.

Tamén destaca a prensa, con publicacións periódicas escritas en galego, destacando **O Tío Marcos da Portela** (1876-1888), **O Galiciano** (1884-1886) e **A Monteira** (1889-1890).

3. A evolución da lingua escrita

Os autores do século XIX van asumindo a conciencia de que o galego é un idioma tan apto como o castelán para a súa utilización na literatura; sen embargo non é un idioma normalizado nin normativizado. O crecente emprego do galego como lingua literaria fai sentir a necesidade de instrumentos auxiliares, como gramáticas e dicionarios.

Gramáticas: á parte de *A Gaita Gallega* (1853), que en certo modo era un manual de iniciación ao galego, temos o *Compendio de Gramática gallego-castellana* (1864), de Francisco Mirás e a *Gramática Gallega* (1868) de J.A. Saco e Arce, a máis completa e rigorosa da época.

Dicionarios: os primeiros son o *Diccionario Gallego-castellano* (1865), de F.J. Rodríguez e os de Juan Cuveiro (1876) e Marcial Valladares (1884), sempre co castelán como referencia.

Vanse fixando os criterios para a formación do galego estándar e para a constitución dunha tradición escrita, aínda contando cunha eiva esencial: o descoñecemento da valiosísima literatura medieval.

Podemos distinguir dúas etapas na evolución da escrita neste século:

- Etapas dialectal:** os escritores escriben como falan ou como se fala na súa comarca (aparecen, por exemplo, a gheada e o seseo);- ao recorrer á lingua popular, son frecuentes os vulgarismos e, en menor medida, os castelanismos.;- na ortografía recórrase ao castelán, lingua na que eses escritores aprenderon a escribir, o que presenta problemas de representación dos fonemas distintos.
- Etapas interdialectal:** os escritores descubren un galego máis amplo e enriquecen a lingua ao usar variedades dialectais doutras zonas, aínda que seguen camiños diferentes:
 - M. Curros Enríquez aproxímase ao galego coloquial, aínda que evitando vacilacións e castelanismos.
 - Eduardo Pondal bota man dos cultismos latinos e gregos e achégase ao portugués.

A imposibilidade de chegar a un modelo unificado para o galego escrito, fixo que se propuxese a creación dunha Academia Galega. Valentín Lamas Carvajal, en 1875, fai a primeira proposta. Sen embargo non se constituiría ata 1906 en A Coruña.